



CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. LIÑA ACCION SOCIAL. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas o desenvolvemento de actividades que persigan un fin social no ano 2018, que estan suxeitas á Ordenanza reguladora de subvencións dirixidas as Asociacións sen ánimo de lucro do Concello de Riveira, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 100, de data 29 de maio de 2018 (aprobada en Pleno da Corporación, en sesión de data 26 de marzo de 2018); á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións; á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2018, destinadas a fomentar, apoiar e impulsar as actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro existentes no Concello de Riveira, no ámbito da acción social, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

1.1.- Obxectivos

O Concello de Riveira, a través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- a) Promover a iniciativa social sen ánimo de lucro.
- b) Corrixir lagoas ou déficits na cobertura e prestación de servizos sociais.
- c) A existencia dunha programación de actividades orientadas a grupos particularmente vulnerables, como é o colectivo de maiores, estable dentro do ámbito territorial do Concello de Riveira, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

2.- ENTIDADES BENEFICIARIAS

Destinatarios

Asociacións de maiores radicadas no termo municipal de Riveira que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, cumpran cos requisitos do apartado 2 da Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro.

3.- FINALIDADE (gastos subvencionables).



CONCELLO DE RIVEIRA

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada: organización de actividades ou proxectos acción social que se realicen ao longo do ano 2018 (1 xaneiro ao 31 de decembro de 2018).

Os proxectos ou actividades a subvencionar serán aqueles que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderá xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

Poderán ser subvencionadas - ata un máximo do 50 % do gasto acreditado- a organización de:

- a) proxectos, actividades ou servizos para a dinamización, a participación social e a mellora da calidade de vida das persoas maiores e persoas con diversidade funcional.
- b) accións de promoción de estilos de vida saudables.
- c) accións ou programas tales como cursos, viaxes culturais, obradoiros, celebración e conmemoración de festas tradicionais, e outras similares.

4.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

No vixente orzamento municipal existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado desta convocatoria, con cargo ás seguintes aplicacións, e polo importe que se indica:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
231A 48027	Asociacións de maiores	5.000 €

5.- CUANTÍA E ABONO DA SUBVENCIÓN.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade subvencionada a desenvolver polo beneficiario.

Cada unha das entidades solicitantes poderá percibir un importe total máximo de 1.500 euros, establecendo o importe mínimo da achega concedida por entidade en 300,00 euros.

A subvención que no seu caso se conceda será ingresada a cada beneficiario logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.



CONCELLO DE RIVEIRA

En canto ao lugar e prazo de presentación, así como a documentación a aportar, remítese ao establecido no apartado 4 da ordenanza así como ao previsto no apartado 3 do artigo 23.2 da Lei Xeral de Subvencións.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes deberán achegar a documentación prevista no artigo 4.3 da ordenanza.

7.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A instrución do procedementos corresponderá ó Departamento de Servizos Sociais Comunitarios. No seo da mesma constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a Concelleiro/a Delegado/a da área de Servizos Sociais Comunitarios, ou persoa en quen delegue.
- Vocais: Dous traballadores/as do departamento de Servizos Sociais Comunitarios, designados polo/a Concelleiro/a Delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- Ao traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- Á persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades a realizar, e en función dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

- Interese da actividade e adecuación ao interese local: ata 25 puntos
- Número de socios activos da asociación: ata 25 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 25 puntos
- Orzamento da actividade: ata 20 puntos
- Emprego da lingua galega: ata 5 puntos.

En relación aos criterios de número de socios, coeficiente de financiamento e orzamento declarado, os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:



Nº de socios activos	Puntos	Coeficiente de financiamento	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
0-20	0	0-10	25	Máis de 4.000 €	20
21-50	2.5	11-20	20	Entre 2.500 e 4.000 €	15
51-80	5	21-30	15	Entre 1.500 e 2.499 €	10
81-110	7.5	31-40	10	Entre 600 e 1.499 €	5
111-140	10	41-50	5	Menos de 600 €	0
141-180	12.5				
181-220	15				
221-260	17.5				
261-300	20				
301-350	22.5				
Máis de 350	25				

Resolución do procedemento

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía efectuada en virtude do decreto de 01.07.2015. A resolución da concesión ditarase no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución das axudas en base ao informe emitido polo persoal da Comisión Avaliadora e a proposta do Departamento dos Servizos Sociais Comunitarios, e publicarase unha lista cos solicitantes e a resolución no Taboleiro de anuncios do Concello.

A resolución adoptada na execución da presente convocatoria porá fin á vía administrativa, e contra ela poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

8.- XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación será dun mes dende a data de notificación da concesión da subvención, agás que se solicítase e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A prórroga que se conceda será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois do 30 de abril de 2019, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2018.